**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 19 DE AGOSTO DE 2019.**

**PRESIDENTE:**
O alcalde**,** D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**
D.ª Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**
D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día dezanove de agosto do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 12 DE AGOSTO DE 2019.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día doce de agosto de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Liñares Gestal e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro e do Sr. concelleiro, Taibo Monelos, os cales manifestan que se absteñen por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 12 de agosto de 2019.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Anuncio do 7 de agosto de 2019, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade -Augas de Galicia -Servizo Territorial da Zona Galicia Norte-, de información pública da solicitude de M.S.S.P. a Augas de Galicia, por atoparse nas marxes do río Valiñas, de legalización de obras na parcela de referencia catastral 0616411NH5901N0001FX, no lugar de Valiñas, parroquia de Sueiro. Expediente: DH.W15.63929. BOP núm. 152 do 13-08-2019.

**2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política social, mocidade e promoción do deporte:

"

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao *Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.***

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Intensidade |
|---|---|---|---|---|
| 05/08/19 | 1171 | Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.<br><br>Conceder e incorporar á lista de agarda no Servizo de Xantar na Casa. | J. A. G. N. e C. G. N.<br><br>J. A. G. N. (37 puntos) e C. G. N. (31 puntos). | Dúas horas á semana (agás festivos).<br><br>Sete días á semana. |
| 05/08/19 | 1175 | Conceder o servizo municipal de Teleasistencia Domiciliaira. | E. B. P. | |

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente *Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013***

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Obxecto da axuda | Importe |
|---|---|---|---|---|---|
| 09/08/19 | 1223 | Conceder unha axuda económica. | N. P. P. | Pago de recibos de electricidade correspondentes a seis meses de 2019.<br><br>Pago de recibos de auga, correspondentes ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2019.<br><br>Bono de alimentos tipo B, durante tres meses e cunha entrega mensual.<br><br>(no de hixiene tipo A, €), ,urante tres meses e cunha entrega mensual. | |
| 09/08/19 | 1224 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de | M. A. M. | Recibo de gas, correspondente ao | 33,63 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | pago. | | período comprendido entre o 10.04.2019 ao 07.06.2019.<br><br>Pago de recibo de auga, correspondente ao segundo trimestre de 2019. | <br><br><br>57,36 € |
| 09/08/19 | 1225 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago | M. C. L. V. | Pago de recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 13 de maio de 2019 ao 13 de xuño de 2019. | 12,86 € |
| 09/08/19 | 1226 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago | M. I. M. P. | Pago dos recibos de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 16 de xaneiro ao 17 de febreiro de 2019 (19,86 €), do 17 de febreiro ao 17 de marzo de 2019 (16,04 €), do 17 de marzo ao 16 de abril de 2019 (17,41 €), do 16 de abril de 2019 ao 16 de maio de 2019 (16,78 €) e do 16 de maio ao 16 de xuño de 2019 (18,21 €).<br><br>Pago de recibo de auga, correspondente ao segundo trimestre de 2019.<br><br>Pago dos recibos de gas, correspondente ao período comprendido entre o 08.02.2019 ao 09.04.2019 (37,85 €) e do período comprendido entre o 10.04.2019 ao 07.06.2019 (31,92 €). | 88,30 €<br><br>63,08 €<br><br>69,77 € |
| 09/08/19 | 1228 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago | M. R. S. V. | Pago de recibo de auga, correspondente ao segundo trimestre de 2019.<br>Pago de recibo de gas, correspondente ao mes de xullo de 2019. | 72,63 €<br><br>13,17 € |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| 09/08/19 | 1229 | Conceder unha axuda económica. | Y. E. A. | Pago de aluguer, correspondendo 380€ os meses de maio e xuño e 315,68 o mes de xullo de 2019. | 1075,68 |
| 09/08/19 | 1230 | Conceder unha axuda económica. | L. A. R. | Pago de aluguer, correspondendo 230 € os meses de xuño, xullo, agosto e setembro e 155,68 € o mes de outubro de 2019. | 1.075,68 € |
| 09/08/19 | 1231 | Conceder unha axuda económica. | A. M. M. O. | Pago de recibos de electricidade correspondentes a seis meses.<br><br>Pago de recibos de auga, correspondentes ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2019.<br><br>Abono de gastos de comunidade do ano 2019, correspondendo 35 euros/mes desde xaneiro ata decembro de 2019.<br><br>Bono de alimentos tipo A durante dous meses e cunha entrega mensual.<br><br>Bono de hixiene tipo A, durante dous meses e cunha entrega mensual. | 420,00 € |
| 12/08/19 | 1239 | Conceder una axuda económica. | C. S. C. | Pago de aluguer, correspondendo 400 € os meses de xuño e xullo e 275,68 € o mes de agosto de 2019. | 1.075,68 € |

"

**3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)



RIOBOO CASTRO,
JOSE RAMON
Alcalde-Presidente
23/08/2019 09:54

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
22/08/2019 11:13



C.I.F. P-1503100-H